

PEZA: Santa Isabel de Portugal. Escultura

AUTOR: anónimo

NºINV.: 300

Peza favorita de **Raquel López Noia**

«É difícil escoller unha soa peza entre tantas obras presentes no Museo das Peregrinacións e de Santiago que conta cunha colección amplísima. Esta xira ao redor do fenómeno da peregrinación a Santiago mais tamén atopamos a historia da nosa propia cidade, que nalgúns momentos foi da man do Camiño de Santiago.

A peza escollida como a miña favorita é a talla de madeira de Santa Isabel de Portugal, peza barroca (s. XVIII) de autoría descoñecida. Podemos localizada exposta no primeiro andar, nun espazo adicado a peregrinos ilustres chegados a Compostela.

Talla que nos mostra a unha Isabel de Portugal peregrina, co hábito relixioso de monxa clarisa e atributos peregrinos como son a esclavina e sombreiro con cunchas de vieira, sinal inequívoca da súa peregrinación.

Santa Isabel de Portugal aparece como a primeira muller recoñecida como tal na historia da peregrinación a Santiago. Sen dúbida o ter peregrinado a Compostela no século XIV, nunha ou en dúas ocasións segundo as fontes, e ter feito unha importante doazón ao Cabido de Santiago despois de quedar viuva, é posible tiveran certo peso para tal recoñecemento. Tamén hai quen lle atribúe a delimitación do trazado do Camiño Portugués. Sexa ou non certo, é de salientar a súa pegada no Camiño e tamén no rueiro compostelán. A Rúa da Raíña débelle o seu nome xa que, segundo a tradición, Sta. Isabel de Portugal fundou un hospital (do que hoxe non quedan restos) en lembranza do seu defunto marido, o rei portugués D. Dinís, gran devoto do Apóstolo Santiago.

Ata hoxe chega o vínculo desta raiña coa cidade e co camiño».